

PLAN DE ACOLLIDA



CRA BOQUEIXÓN-VEDRA
"NEIRA VILAS"

CURSO 2021-2022

ÍNDICE

- a) Contextualización.
- b) Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- c) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- d) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- e) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.





CONTEXTUALIZACIÓN.

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, o centro educativo elaborará un "Programa de Acollida".

O presente documento é unha continuidade do mesmo pois consideramos moi necesario manter informadas ás nosas familias co gallo de adiantarlles cómo se vai desenvolver o curso e as reunión pertinentes para unha maior comunicación publicado na páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/craboqueixonvedra/> para o reinicio da actividade académica presencial o vindeiro 9 de setembro.

NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

Aulas:

-  Todas as nosas escolas son grupos estables de convivencia. Polo que segundo o protocolo enviado pola Xunta, os seus membros poderán socializar e xogar entre si sen ter que manter a distancia interpersonal de forma estrita. Formaremos subgrupos colaborativos de máximo 5 alumnos/as para un mellor control do movemento, do xogo e do traballo dos mesmos/as e para xestionar máis efectivamente os posibles abrochos e localizar os contactos estreitos.
-  Sempre que sexa posible utilizarán a máscara o alumnado de infantil e o de 1º e 2º o fará de xeito obrigatorio levando unha máscara de reposto nun estoxo específico para gardala en caso necesario. (No caso de non poder usala ou ter algunha dificultade para levala, deberá ser acreditado polo pediatra ou facultativo). O profesorado utilizará obrigatoriamente a máscara, non só pola súa función de protección senón tamén polo seu carácter exemplificante.
-  Recoméndase o inicio da xornada con accións nas que se traballe a lembranza de normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia, actividades que se realizarán presentadas como algo lúdico (evitar tocarse ollos, nariz e boca; hixiene e lavado de mans; tusir na cara interna do cúbado e lavar as mans posteriormente ou empregar un pano desbotable que se tirará na papeleira de pedal despois do seu uso; manter a distancia social recomendada na medida do posible e o uso axeitado da máscara).
-  Debe terse en consideración que o uso do xel hidroalcohólico en idades temperás pode supor o risco de que metan inmediatamente os dedos na boca polo que os dispensadores non deberán ser alcanzables e accesibles sen supervisión. Estarán de man das titoras/es e non ao alcance do alumnado.



- ✚ Aconséllase eliminar xoguetes ou obxectos que non sexan estritamente necesarios e empregaranse os que sexan de fácil desinfección.
- ✚ O uso dos recantos poderanse usar individualmente ou no seu defecto por subgrupos colaborativos coa correspondente hixiene de mans antes e despois de estar no mesmo.
- ✚ Procurarase que o material do alumnado se empregue de xeito individual, e que teña cada un o seu espazo na aula para as súas cousas evitando que os demais as utilicen na medida do posible. Cada alumno terá o seu estoxo co material de uso habitual: lápiz, goma, cores...
- ✚ Cando sexa necesario empregar material común, procurarase facelo por subgrupos, previo lavado de mans e desinfección unha vez rematado o seu uso.
- ✚ As actividades a realizar aínda que somos un grupo estable de convivencia, procuraremos que sexan de carácter individual e/ou por subgrupos colaborativos na medida do posible evitando o gran grupo ou a interacción de todos con todos na que controlar os movementos do alumnado faise máis complicado.
- ✚ Poderanse facer actividades evitando o uso de gran cantidade de materiais, pois despois haberá que desinfectalo e sempre procurando que os materiais sexan de fácil desinfección, evitando así o uso de madeiras e papeis.
- ✚ Cada alumno contará na aula con un espazo (casilleiro, gabela...) para ter alí as súas cousas e materiais de uso, neste momento de pandemia de xeito individual, sobre todo tendo en conta que adoitan meterlo todo na boca, e os cores e pinturas son moi fáciles de meter na boca e teríamos que estar a desinfectalos deseguido. Conseguiremos así que eses momentos de compartir e meter as cousas na boca que despois poden meter na boca outros serían minimizados.
- ✚ Ordenadores, tablets, levantamento de persianas, acendido e apagado de luces...será realizado só pola persoa titular. En caso de que fose realizado por outra persoa deberá ser posteriormente desinfectado.
- ✚ A merenda realizarase de xeito individual (non haberá merendas comunitarias) en subgrupos colaborativos. De ser posible realizarase no patio exterior sempre que o tempo o permita e favorecer así a ventilación da aula durante polo menos 15 minutos.
- ✚ As merendas serán individuais evitando os talleres de cociña na que todos tocamos todo e comemos do de todos. Deste xeito os aniversarios celebraranse sin biscoito comunitario ou tarta conxunta.



- ✚ Antes de merenda, como se viña facendo sempre, lavaranse as mans con auga e xabón.
- ✚ Sendo alumnado de tan curta idade, os de 4º de infantil poderán seguramente necesitar axuda polo que o mestre/a deberá empregar guantes de látex.

Desprazamentos no centro:

- ✚ No centro educativo ao ser grupos de convivencia que non comparten espazo con ninguén máis, non haberá que ter especial coidado nos desprazamentos e circulación no centro educativo, máis que o que xa se ten habitualmente, pois maioritariamente van ao baño ou saen ao recreo.
- ✚ Se tivesen que moverse ao piso de arriba (na escola de San Xián), ao de abaixo (na escola de Camporrapado) ou a dos lados (no resto das escolas), para realizar algunha actividade, sesión de A.L ou P.T, ou taller, irían, coma sempre acompañados do mestre/a, en fila que o correspondente lavado de mans.

Aseos:

- ✚ Sendo os aseos de uso exclusivo para o grupo estable de convivencia establecerase como medida de protección hixienizar as mans antes de ir e á volta (non fai falta xel hidroalcohólico, se non un correcto lavado de mans).
- ✚ Segundo o Protocolo enviado pola Consellería, terán un aforo limitado ao 50% da súa capacidade, polo que en todos os aseos so poderán ser usados por unha persoa cada vez.
- ✚ Todos os aseos terán cartelería sobre o correcto lavado de mans. O profesorado contará con material de desinfección á súa disposición.
- ✚ No caso de ter que acompañar ao alumnado ao aseos, pois son maioritariamente de Ed. Infantil, o profesorado deberá portar as proteccións individuais axeitadas: máscara e guantes de látex, a pantalla será de uso voluntario.
- ✚ Os aseos serán desinfectados exhaustivamente todos os días polo persoal de limpeza asignado polo Concello correspondente.





- ✚ En caso de que notásemos algunha irregularidade nesta limpeza poríámonos inmediatamente en contacto co Concello para remediar o antes posible esta situación.

Entradas e saídas:

- ✚ Nas nosas aulas contamos con 18 alumnos/as máximo. Somos unha única aula nunha única escola, agás en San Xián que hai dúas aulas.
- ✚ As entradas e saídas faranse pola mesma porta, en San Xián abriranse as dúas portas e Infantil entrará pola porta dereita e Primaria entrará pola porta esquerda.
- ✚ O/a mestre/a estará na entrada para recibir ao alumnado de Ed. infantil ás 9, que poderá vir acompañado dun familiar ata a porta da escola (virá obrigatoriamente con máscara), pois non poderá entra na escola a non ser por causa maior (debemos ter en conta que teremos alumnado de nova incorporación de tres anos ou menos que necesitarán unha adaptación á escola)
- ✚ Deixarán as súas mochilas e pertencencias (as menos posibles) no seu percheiro e entrará ao aula previa desinfección de mans con xel hidroalcolóico que lle dispensará a mestra/e que esté na porta e revisión visual do correcto lavado.
- ✚ As familias irán agardando no exterior do centro, gardando as distancias de seguridade, o seu turno de entrada para evitar aglomeracións. En Camporrapado e Lestedo agardamos o remate das obras para poder contar con ese “patio cuberto” e que as familias poidan agardar alí para a entrada do alumnado (será pouco tempo o que teñan que esperar, porque incidimos que a escola que máis alumnado ten é 18 nenos/as e unha vez rematado o período de adaptación xa entrarán eles soliños e proceso irase axilizando moitísimo máis.)
- ✚ As saídas faranse igualmente escalonadas, (como xa viñamos facendo), coidando que o alumnado non se quede no recinto xogando e saian directamente ao exterior do recinto como indica o Protocolo enviado pola Consellería de Educación e Sanidade

Recreos:

- ✚ Os espazos dos nosos recreos serán de uso exclusivo para o grupo de convivencia desa escola, durante o período lectivo.
- ✚ Realizaremos actividades guiadas de carácter individual na medida do posible o en subgrupo colaborativo: circuitos, xogos tradicionais...turnos de horta.
- ✚ Vixilarase o cumprimento das medidas de seguridade e distanciamento no uso dos areiros, tobogáns...reducirase ao mínimo podendo chegar non poderusarse si vemos que é necesario como medida de protección.



✚ As merendas faranse no recreo na medida do posible para facilitar a ventilación das escolas.

✚ O profesorado de vixilancia será o que está na escola: o titor/a e o especialista ou apoio. Como mínimo, en cada recreo contaremos con dous mestres para un máximo de 18 nenos/as.

Na escola de San Xián, ao ter as dúas aulas xúntanse 24 alumnos/as no recreo, gardando estas medidas de protección indicadas a continuación, poderán compartir recreo.

✚ Todo o profesorado está encargado da vixilancia en todo momento do alumnado, tanto mestres/as titores/as como especialistas, nas entradas, saídas, nos recreos, procurando en todo momento cumprir e facer cumprir as medidas de protección e recordarlle ao alumnado de forma continuada a necesidade de lavar as mans con asiduidade, tusir na cara interna do cóbado, non berrar nin meter as mans na boca, levar ben a máscara e manter a distancia de seguridade na medida do posible.

Actividades complementarias e extraescolares:

✚ As celebracións realizaranse a nivel de escola como grupo estable de convivencia.

✚ Non realizaremos excursións grupais, ata indicacións da Consellería, porque suporía mesturar no mesmo autobús a varios grupos de convivencia estable. Os festivais que adoitamos realizar polas tardes en Nadal, Entroido e Fin de curso, suspéndense ata novo aviso.

✚ Poderán realizarse talleres e obradoiros cumprindo moi estritamente o protocolo:

- Deben manterse as distancias de seguridade previstas nos protocolos con carácter xeral.
- Priorizarase as actividades no exterior evitando aglomeracións.
- Levarase rexistro das persoas que participan nestas actividades, así como o lugar que ocupan, para limitar as interaccións e facilitar a localización de posibles contactos estreitos.
- Extremaranse as medidas de hixiene e ventilación antes, durante e despois da actividade.

✚ Cando a actividade implique saír do centro e visitar algún lugar, manteranse as medidas de hixiene e distanciamento en todo momento, procurando sempre a menor interacción posible con xente allea ao grupo estable.

Outras aulas:

✚ Os únicos espazos a maiores nas nosas escolas son as aulas de usos múltiples nas que se imparten as clases de E:F ou psicomotricidade cando chove, alternativa ou valores, talleres ou actividades puntuais, e nas escolas de Lestedo e San Xián, empregamos tamén os despachos para o uso de mestra de A.L/P.T cando teñen que facer traballo específico co alumnado.

Estas aulas empregaranse coas seguintes medidas:

- ✓ Ventilarse antes de acceder a elas e ao saír,
- ✓ hixiene de mans antes de entrar e ao saír
- ✓ desinfección do material empregado por parte do mestre/a e coa axuda do



- alumnado posto que é moi pequeno para responsabilizalos a eles/as completamente deste acto pero intentando conciencialos da importancia da limpeza dos elementos comúns e a súa hixiene.
- ✓ Evitarase a formación de grupos e o contacto co material.
 - ✓ Evitarase sempre que os alumnos/as estean encarados a unha distancia inferior a un metro.
 - ✓ Cando se traballe en pequenos grupos, respectar os equipos formados na aula
- ✚ No caso de E.F ou psicomotricidade procurarase que a clase sexa no exterior sempre que o clima o permita e os exercicios serán individuais na medida do posible e minimizando o uso de materiais compartidos. De facer grupos, deberán manterse os subgrupos colaborativos da aula. Se temos que realizar a clase na aula de usos múltiples: Seguirase o protocolo indicado pola Consellería de Educación e Sanidade.

Titorías:

- ✚ Segundo indica o Protocolo mandado pola Consellería de Educación e Sanidade, nas reunións de titoría priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada.
- De non ser posible a súa realización telemática, esta realizarase de xeito presencial na aula da titoría correspondente, previa cita e garantindo a distancia social. Todos os asistentes deberán levar máscara e farán a pertinente desinfección de mans e haberá mesas de separación para garantir a distancia de seguridade de 1.5 metros, tal e como indica o Protocolo enviado pola Consellería de Educación e de Sanidade.

As familias :

- ✚ As familias non poden entrar na escola (neste período de nova normalidade), pero en caso de necesidade deberán usar a máscara obrigatoriamente ao igual que calquera outro persoal, do concello, da limpeza, telefonía...que tivese que entrar nas escolas.(entendemos que o período de adaptación e un momento no que se poden presentar estas necesidades)
- ✚ O persoal docente e non docente deberá realizar unha auto-enquisa diaria de síntomas ao igual que as familias na casa, antes de vir á escola. **Se houberse sintomatoloxía compatible, (un dos items afirmativos), non acudirán ao centro educativo e chamarán ao seu centro de saúde de referencia e a algún dos membros do equipo COVID.** (Anexo 1). Esta autoenquisa non hai que cubri-la nin entregala no centro.
- ✚ Non asistirán ao centro aqueles alumnos/as e docentes que teñan síntomas compatibles co COVID-19, así como os que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
- ✚ Se se sospeita que os síntomas compatibles se comezan a desenvolver no centro seguiremos o protocolo indicado pola Consellería de Educación e de Sanidade:
- levarase a un espazo separado, colocaráse unha máscara cirúrxica, tanto a



- quen sofre os síntomas como a quen o acompaña no seu coidado.
- contactarase coa familia, para que o/a veñan buscar á maior brevidade posible.
 - A familia chamará ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de refencia do Sergas e seguiranse as súas instrucións.
 - En caso de presentar dificultade respiratoria, chamarase ao 061.
 - De confirmarse o positivo, o equipo COVID do centro escolar comunicarao ao CSC.
 - No suposto de aparición dun caso ou dunha sospeita tanto sexa de alumnado como de profesorado, a persoa coordinadora do Equipo COVID incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado; osq que teñan a consideración de contactos estreitos, os dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen poida ser unha persoa próxima que estea vencellada ao centro educativo. Aplicación xerará nha alerta no SCS que se encargará da vixiancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Cando o fluxo de información proceda da autoridade sanitaria incorporárase a mesma información.
 - A familia dun neno/a con sospeita de contaxio deberá solicitar consulta telefónica co seu pediatra para que se avalíe a necesidade dunha proba diagnóstica.
 - Tras a aparición dun caso confirmado seguiranse as instrucións da Autoridade Sanitaria que en función do número de contaxios poderá ordenar a corentenadun grupo determinado de contactos estreitos, o peche de varias aulas ou do centro completo.

A biblioteca:

- ✚ uso da biblioteca no noso centro ten un carácter especial, pois está situada nun edificio apartado das escolas á que as familias teñen que desprazarse a propósito de queren acudir a ela, polo que normalmente facemos empréstito nas aulas.
- ✚ Debido a esta situación, decidimos que o empréstito sexa exclusivamente na aula para evitar ter que desinfectar especificamente polo persoal de limpeza do concello, cando veña algunha familia a facer uso do préstamo.
- ✚ As mochilas viaxeiras poderán seguir viaxando polas casas pero mantendo esta norma de seguridade de illamento. Poderán devoverse o venres para facer un illamento de fin de semana e poder volver a mandala o lus, por exemplo.

Alumnado con NEAE

- ✚ A principio de curso realizaremos unha reunión de departamento para regular a atención a este alumnado para a mellor organización e reparto de horas de docencia e traballo específico con eles/as.
- ✚ Priorizaremos a atención a alumnado con NEAE e intervencións moi específicas, necesarias e avaliadas., o restodas intervencións que se facían desde a especilaidadede A.L e PT serán estudias para un mellor aproveitamento desta especilaidade que na nosaetapa tanta falta fai, sempre tendo en conta as medidas de seguridade, prevención e protección para o alumando e o profesorado.



- ✚ A mestra de A.L e P.T contarán con material de protección específico, como mascarillas Ffp2 e guantes de látex pola proximidade e traballo de contacto que teñen que facer co alumnado, sobre todo a mestra de A.L, que incluso emprega os dedos para metelos na boca do alumnado e sinalarlle onde ten que colocar a lingua, e así todos están protexidos.

ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.

- ✚ Creación Equipo Covid que actuará coma referencia para o resto da Comunidade Educativa, en relación ás funcións recollidas no Plan Adaptación á situación Covid-19 no curso 2021-2022.
- ✚ Determinación do espazo de illamento COVID: Aquel alumnado no que se detecte síntomas serán illados/as nos espazos habilitados para tal efecto en cada escola, tal e como está recollido no plan de adaptación e no de Continxencia, mentres non se xestiona o seu traslado. O alumnado estará sempre acompañado por un docente. Abrirase a ventá e/ou a porta deste espazo mentres o alumno/a está neste lugar, que contará con:
 - Máscaras cirúrxicas para adultos e infantís.
 - Papeleira para o lixo con pedal, tapa e bolsa de plástico.
 - Solución hidroalcohólica
 - Panos individuais desbotables.
 - Guantes de látex
- No caso de ter que empregar o espazo de illamento, o equipo COVID avisará ao persoal de limpeza asignado polos Concellos para tal efecto co fin de que extremen as medidas preventivas e de desinfección e deixárase con ventilación constante.

Medidas xerais de protección individual recollidas no Plan de Adaptación:

- Nas primeiras semanas de setembro, a directora do centro reunirse cos pais/nais do alumnado por escolas para dar a coñecer as actuacións do Plan de forma adaptada á idade do alumnado :
 - Luns 6 : 16 Camporrapado e ás 17:30 Sergude
 - Martes 7: 17:30 Lestedo e ás 19:00 Sarandón.
 - Mércores 8: 17:30 S.Xián e ás 19:00 S.Fins

A partires de aquí serán os titores/as quen día a día vaian recordando estas medidas. Durante as primeiras semanas do curso traballarán co seu grupo na adquisición destas rutinas de xeito profundo e sistemático e manterase este traballo durante todo o curso se así fose necesario :

Evitar tocarse ollos, nariz e boca.

Hixiene de mans (seguinto as instrucións que hai en tódolos aseos das escolas).



Tapar a boca cun pano desbotable ao tusir ou esbirrar que se desbotará nun cubo do lixo con tapa. Se non é posible tusir contra a flexura do cóbado. E incidir na limpeza de mans posterior.

Manter a distancia física.

Non compartir o material propio.

Correcto uso e colocación da máscara.

- En canto ao uso de material de uso compartido:
 1. desinfectaranse as mans antes e despois do seu uso con xel hidroalcohólico de mans para o seu manexo e ao final do día será desinfectado polo persoal de limpeza.
 2. profesorado desinfectará o ordenador, teclado, mando a distancia, mesa e cadeira da aula que use unha vez rematada a clase para deixalo listo para o seguinte profesor/a se houbese especialidades de xeito ordinario. E usará xel hidroalcohólico de mans para o seu manexo.

- Sempre que as condicións metereolóxicas o permitan as xanelas estarán abertas o maior tempo posible.
- Cada aula contará cunha folla rexistro na que ir anotando as ventilacións realizadas ao longo da xornada que irá asinada polo profesorado responsable do grupo en cada momento (contando sempre cun mínimo de tres ventilacións ao longo da mañá)
- Empregaranse os tres medidores de CO2 mercados para o fin de controlar moi máis exhaustivamente a ventilación das escolas

- Cada escola contará con:
 1. Papeleira de bolsa con tapa accionada por pedal para os panos desbotables do secado de mans ou para o cumprimento de “etiqueta respiratoria”.
 2. Dispensador con xel hidroalcohólico, panos desbotables e un pulverizador con desinfectante de superficies.
 3. Dispensador de papel con bobina para o secado de mans.A coordinadora do equipo COVID e a secretaria do centro serán as encargadas de reponer estes materiais. Os martes en sede o profesorado poderá facer acopio do material que se esgotara na súa escola previa sinatura no rexistro de secretaría e tamén solicitalo ao longo da semana con dous días polo menos de espazo para poder levarlo ata a escola, pois hai moitos quilómetros entre varias delas e non dispomos de horario específico a maiores para este mantemento se non o noso propio de especialidade en itinerancia.

- O persoal de limpeza encárgase unha vez finalizada a xornada escolar de limpar os espazos das escolas diariamente e deberá centrarse:
 1. Nas mesas do alumnado e do profesorado en todas as escolas incluíndo as aulas e espazos empregados por PT, A:L e Valores /alternativa
 2. Martes pola tarde e mércores pola mañá o profesorado e o equipo directivo empregan as instalación da sede para as súas reunión de traballo polo que a limpeza deberá ter tamén en conta estes dous días.



3. Zonas de illamento no caso de detectarse un posible caso de COVID, Haberá que ter presente que a bolsa de lixo cos residuos, deberá ser pechada e depositada dentro doutra bolsa con peche para ser depositada na fracción resto.
 4. Pasamáns e pomos das portas
 5. Baños (billas e cisternas)
 6. En todo caso prestarase especial atención ás papeleiras e os aseos e o material que deixen os Mestres/as enriba das mesas para a súa desinfección, de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos.
- Rexistro e inventariado e protocolo de compra e difusión do material de protección recollidas no Plan de Adaptación.

Xestión de abrochos

Ven recollido no Protocolo de Actuación enviado pola Consellería de Educación e Sanidade. Será sempre a Autoridade Sanitaria a que decida a xestión dos mesmos.

ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIALOU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.

A idade do noso alumnado: 3, 4, 5 6 e 7 anos, fai un pouco complicado poder ensinarlles o funcionamento da páxina web do centro.

Ensinámoslle a usar e moverse pola nosa NUBE, e abrir os xogos educativos que alí subimos. Este traballo seguiremos a realizalo desde principio de curso coma todos os anos.

Como se informou desde a Consellería, a aula virtual está recomendada a partires de 3º de Primaria, polo que o noso alumando non entra nese parámetro.

A formación que faremos será a nivel de profesorado, que dende o ano pasado conta cunha boa base en uso da páxina web do centro e subida de contidos, e tamén a nivel de familias, para que as que son de nova incorporación non se vexan desbordadas polo descoñecemento.

Como ademáis sabemos que no rural non contamos con internet en condicións nin velocidade para poder acceder á páxina web en condicións ou no momento preciso, implementamos o noso traballo co alumnado e familias empregando as videoconferencias vía cisco e whatsapp que é unha das aplicacións que mellor nos funciona a todos/as.



ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN.

O eixo vertebrador do noso centro é “Ser emocionalmente saudables”.

Empezamos a traballalo o ano pasado con gran interese cando nos vimos tods abordado por esta pandemia.

Seguiremos na nosa liña de formarnos e ser emocionalmente saudables, tanto mestres como alumnos/as.

O profesorado fará formación específica sobre o tema no Proxecto de Formación en Centro que se implementará cunha liña en Tics e uso dos contidos. Sabemos por experiencia que a nosa formación incide directamente no noso alumando. .. canto mellor nos formamos máis os favorecemos, e ese é o noso interese maior.

En centrocontamos tamén co Plan Proxecta que iniciamos o ano pasado sobre hábitos devida saudable e lóxicamente lle daremos continuidade este aínda que non poidamos facer saídas como a de Xogade do ano pasado.

Implementaremos este Plan coa participación no Programa de froita e leite na escola do FOGGA que iniciará o seu trámite neste mes de setembro.

A parte de esto:

- Iniciaremos as clases con xogos, actividades lúdicas para hixiene respiratoria, de mans....
- Rutinas diarias nos momentos estipulados de entradas e saídas a modo de xogo pero dandolle importancia que ten o facelo pois o alumnado é o mellor transmisor destas medidas e os que mellor as poñen en práctica.
- Información con contos, videos sobre temas posibles de interese para eles neste momento pois en momento de asamble xurden temas e conversacións que nos abren un mundo interno do alumnado e de preocupacións que de xeito individual non son capaces de transmitir.
- A nosa maior preocupación é o benestar do noso alumnado, polo que todos os nosos esforzos estarán enfocados na locacización de posbles medos, temores. e poder solucionarlos.